Educando en EQUIPO aínda que separados

28 de Xuño de 2024

Tempo estimado de lectura: 3 min 30 seg

Autor: **Xanela Aberta á Familia**



A ruptura dunha parella supón unha **situación de crise** que lles afecta a todos os membros da familia, especialmente aos nenos e nenas.

Para conseguir minimizar o impacto negativo e a incerteza que pode xerar a nova situación é importante facer un **esforzo de adaptación**, evitando as tensións.

No relativo á educación, alcanzar acordos supón un **traballo de negociación** para calquera familia, pero isto pode converterse nun reto cando as persoas proxenitoras sepáranse. Estas situacións están marcadas moitas veces por problemas de comunicación e dificultades de consenso que afectan tamén á crianza dos nenos e nenas.

A **falta de coherencia** e a disparidade de criterios poden xerar confusión e frustración nos nenos e nenas, polo que é indispensable afrontar estas situacións desde o respecto e a confianza. Nestes casos, é fundamental priorizar o **benestar dos fillos e fillas**, para o que suxerimos as seguintes claves:

- A pesar de que xa non se é parella, cada unha das partes continúa sendo pai ou nai, e por tanto segue habendo un **proxecto común** no que implicarse.
- En caso de desacordo, é imprescindible o **diálogo** coa outra persoa proxenitora, sen culpabilizala en presenza dos nenos e nenas nin utilizarlles de transmisores de mensaxes. **Evitade falar mal do outro** diante dos vosos fillos e fillas.
- Tratade de **chegar a acordos sobre os aspectos fundamentais** nos que se considere que se deben manter unhas directrices comúns na crianza, deixando unha marxe de flexibilidade para aqueloutros que permitan certa liberdade para cada unha das persoas proxenitoras.

- **Respectade estes acordos** evitando impoñer límites naqueles asuntos nos que se consensuou flexibilidade. Neste sentido, é importante deixar moi claro cales son as regras comúns que ambas as partes deben cumprir. Intentade manter unha comunicación respectuosa e fluída nos aspectos que teñan que ver coa educación dos fillos e fillas.
- Pode ser necesario **explicarlles que ás veces en cada casa haberá normas diferentes**, debido ás diversas formas de educar que empregamos, e que deben ser respectadas. Facerlles ver a razón de que nalgúns casos existan normas máis estritas axudará a que as entendan e non as vexan como unha imposición arbitraria, especialmente se esas normas redundan no seu benestar a curto ou medio prazo.

  Recordade que o obxectivo é facilitarlles esta situación aos nenos e nenas, polo que nese aspecto seguides sendo equipo, e como tal debedes actuar, tratando de fortalecer as dinámicas que mellor vos funcionan e mellorando naquelas que o necesitan.

